

SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE FEBREIRO DE 2.014

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 28 de febreiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2013

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 27 de decembro de 2013.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

FINCA URBANA Nº 76

MATELA

NOME: PARCELA CONEXIÓN SISTEMAS GENERALES A AREEIRA,
POL. 1

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Servicio público

SITUACIÓN: _____

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: Matela, entre o polígono de A Areeira e a afección línea Ffcc..

Lindeiros: Norte, sur e leste finca matriz; Oeste, vial do concello de Outeiro de Rei (ref. catastral 27039A022090080000GS).

SUPERFICIE: 301,16 m2 ms/2.

CARGAS: non constan

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Acta de cesión urbanística asinada por HORMIGONES BASCUAS LUGO, SL, con CIF B27169606 con data de 2 de xullo de 2013.

REFERENCIA CATASTRAL: 4645874PH1744N0001SQ

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non costa

RÚSTICA Nº 15

PORCIÓN DE CAMIÑO DESAFECTADO EN SANTA MARIÑA

NOME:

Camino desafectado en Santa Mariña, polo linde sur de PASCUAL, agora TEGASTICIN, S.L.U.

NATUREZA DO INMOBLE:

Patrimonial, parcela rústica procedente da desafectación do tramo do camiño Pol 25, parcela 9012, ref. catastral 27039A025090120000GB.

SITUACIÓN: linde sur da industria agroalimentaria coñecida como PASCUAL, agora de propiedade de TEGASTICIN, S.L.U.

REF. CATASTRAL: o camiño do que formaba parte se identifica en catastro coma Pol 25, parcela 9012, ref. catastral 27039A025090120000GB

LINDEIROS: Norte: parcela de TEGASTICIN, S.L.U., sobor a que se ubica industria agroalimentaria; Sur: parcelas 167, 168, 169 e 170 do polígono 25, de propiedade de TEGASTICIN, S.L.U.. Leste e Oeste: camiño público municipal.

CARACTERÍSTICAS: ancho variable entre 3,72 e 5,45 metros e cunha superficie de 1.450,43 m²

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO 4081 DO EXERCICIO 2013

Iníciase o debate polo concelleiro do BNG, quen inicia a defensa da moción presentada con data de rexistro de entrada de 4083 do libro-rexistro do ano 2013, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA

A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, quen impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas trasnacionais, e nese caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns

de euros a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas as afirmacións - do Goberno Galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios rectores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas nas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.
2. Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellería con atribucións en medio ambiente.
3. Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír unha nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxetivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.”

Trala defensa da moción polo sr. Arcadio, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen afirma que se prevé unha suba moi importante do canon a aboar polos Concellos a SOGAMA, que trae causa dunha consultoria que se encargou a PWC, e na que se advirte da caída de ingresos derivados da venda de enerxía como consecuencia da reforma enerxética impulsada dende o Goberno do Estado así coma unha suba dos gastos nun 6% derivada da suba do gas natural, ante o que recomenda que se supla coa suba do canon polo tratamento de residuos. Lamenta que a Xunta adopte as medidas recomendadas por unha consultora privada sen contrastar os datos mediante informes dos propios funcionarios da Xunta, dos que se presume unha meirande independencia e obxectividade.

E esta subida se proxecta cando SOGAMA ten uns beneficios de sete millóns de euros e o 51% do capital é capital público e nestos tempos a Xunta non debería lucrase a custa dos Concellos. Por outra banda, a xestión de SOGAMA é moi mellorable, xa que o 60% dos residuos son incinerados e un 30% aproximadamente son enterrados. Pola contra, o reciclaxe ven sendo unicamente do 8%, cando a media europea é do 24%. Non se aposta pola valorización dos residuos.

E ante este panorama, a reacción de SOGAMA é unicamente a suba do canon, e non se adoptan outras medidas, algunhas das cales son recomendadas pola propia consultora, coma a mellora de controis e de xestión, a realización de campañas á cidadanía de concienciación ambiental en materia de residuos ... etc.

Polo tanto, non poden estar a favor da suba anunciada.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que non estaría de acordo coa suba se non fose necesaria. Agradece aos membros da oposición que recoñezan que os gastos da Administración os pagan os cidadáns, xa que ata o momento non o tiveron presente e agora estamos a sufrir as consecuencias. Un exemplo disto é a política enerxética do goberno do PSOE, que instaurou unhas primas ás renovables elevadísimas que agora están a pagar os cidadáns no recibo da luz, así coma unha débeda coas eléctricas que agora hai que pagar.

Engade que o compostaxe e o reciclaxe se poden facer sen problema en cada concello. De feito, outros concellos, coma A Coruña, non están adheridos a SOGAMA, senón que teñen sistemas propios de compostaxe e reciclaxe. Agora ben, o prezo do tratamento non é o mesmo.

Por outra banda, recorda que na FEGAMP chegouse a un acordo de retrasar a posta en marcha dos novos presos, e agora os concellos do BNG e máis do PSOE se voltaron atrás. Polo tanto, consenso chegou a haber, pero algún o desfixeron.

Polo que se refire aos beneficios, os sete millóns de euros gañáronse en cinco anos, non en un ano, pero ata o momento, o único momento no que se repartiron beneficios foi cando entrou o bipartito na Xunta, nunca máis. En calquera caso, cando a empresa é de capital público e privado, sería lóxico repartir beneficios, xa que as empresas privadas non inverten se non retorna a inversión vía beneficios.

Afirma que o voceiro do PSOE debe descoñecer que a porcentaxe de residuos que se enterran era incluso superior na época do bipartito PSOE-BNG, polo que se avanzou neste campo.

É certo que é o ideal concienciar á poboación para reciclar e xerar menos residuos. E tamén o é que non se suba o prezo de tratamento. E no sentido da concienciación traballará o concello mediante campañas a tal fin. Agora ben, os custes de tratamento hai que afrontalos, e se non se afrontan mediante o canon se afrontarán pola cidadanía por outras vías coma os impostos. Pero o que está claro é que os gastos de tratamento tense que afrontar.

O voceiro do BNG explica que no fondo da cuestión está unha decisión política do PP co sistema enerxético. O que se está a facer é recoñecer un suposto déficit tarifario ou débeda do estado coas eléctricas ao tempo que as eléctricas están a publicar beneficios enormes e cada vez máis altos. E isto non é unha opinión, senón un feito. E os gobernos teñen que tomar cartas no asunto dunha vez, porque as eléctricas son coma buitres. E cada vez teñen máis poder, para o cal non dubidan en fichar como conselleiros a sinalados políticos dos gobernos do Estado, namentres perxudican a marca España afirmando polo estranxeiro que son tan Mexicanas como españolas.

O BNG coñece perfectamente que todo o paga o cidadán de a pé. E por iso non comparte que, de xeito unilateral se adopte unha medida e os concellos, os cidadáns dos diferentes concellos de Galicia, a teñan que aceptar e pagar. Xa no seu momento adoptouse o modelo de SOGAMA sen considerar outras opción, e agora é o momento de buscar unha solución alternativa á que propoñen, e afirma que a meirande parte dos concellos non está de acordo con esta suba.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, afirma que calquera persoa, cando ten que afrontar unha inversión de certa importancia, procura acadar tres ou catro presupostos. Pero isto non sucedeu aquí. PWC propuxo unha suba e non se cuestionou nin se contrastou. Antes se podían repartir beneficios con 55 euros/tm. Agora vai a ser 74 euros/tm. E fan isto mentres pagan un salario de setenta e dous mil euros ao ano ao Presidente e de setenta e dous mil euros ao ano ao Director Xeral de SOGAMA. Estes salarios esaxerados e os beneficios que se esperan non concordan coa suba que propoñen.

O voceiro do PP alármase do nivel de demagogia do PSOE, e se os 72.000 euros que cobra agora o Presidente de SOGAMA lle parecen moito ¿qué lle parecerían os 130.000 euros que cobraba o presidente cando Gobernaba o PSOE e maila o BNG?. Se este é caro, o outro xa debería ter outro calificativo.

Non sabe se o que propoñen é que cando governe o PP os cargos públicos non cobren polo seu traballo e cando governe o PSOE ou o BNG que cobren máis que o Presidente do Goberno.

Descoñece se a Xunta acadou algún informe máis. Persoalmente supón que sí, pero non o sabe e non cree que os voceiros da oposición o saiban.

En relación coas eléctricas e o discurso do BNG, pregúntase con qué Goberno se cabrearon máis as eléctricas, se co PSOE, que gobernou a meirande parte do tempo, ou co PP. Parece que con quen están cabreadas é con este último, polo tanto o sentido común di que o PP non lles debe beneficiar tanto como pensa o BNG.

Día aledarse moito de que o voceiro do BNG se preocupe pola marca España e lle parece impresentable que o presidente dunha gran eléctrica a perxudique. E polo que se refire á consideración de outras alternativas, xa dixo anteriormente que se está a reciclar máis, a valorizar enerxeticamente máis e a enterrar menos. Agora ben, os Concellos tamén teñen a súa responsabilidade neste, podendo facer unha labor de concienciación á cidadanía para incrementar o reciclaxe, a reutilización e incluso rebaixando a utilización de envases que xeren residuos.

Desminte que a maioría dos concellos non estean de acordo, e senón o dirían, e volta a recordar que na FEGAMP se chegou a un acordo e os concellos do BNG e do PSOE se botaron atrás.

E é arriscado afirmar que esta suba significará un incremento de custes para os veciños, xa que se ben implicará un incremento do canon, tamén é certo que esta suba se corresponde coa diminución dos ingresos de SOGAMA derivados das primas enerxéticas que pagamos tódolos cidadáns, ben no recibo da luz, ben con cargo aos orzamentos do Estado.

E a política enerxética do Goberno do PP pretende atallar unha situación á que nos levou o anterior Goberno do PSOE, que tras subvencionar o montaxe de instalacións de enerxías renovables, despois lle daban unha subvención de por vida, o que levaba que certas plantas fotovoltaicas producirán incluso pola noite. E isto se repercute aos cidadáns e as empresas no recibo da luz, o que fai empresas menos competitivas, cuns custes de funcionamento moi superiores as do resto de Europa.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo BNG e anteriormente transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor da moción, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE, e oito votos en contra pertencentes aos grupos municipais do PP.

4. MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON NÚMERO DE REXISTRO 614 E 615

Iníciase o debate da moción presentada polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con número de rexistro de entrada 614 e do seguinte teor literal:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento d Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do concello de OUTEIRO DE REI desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN ca seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reproductiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afecten á súa vida sexual e reproductiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola constitución e as Leis, e recoñece-se ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A lei que se veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade.

Ademáis, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Concello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Concello de Europa e da Unión Europea.

O goberno anunciou unha revisión desta lexislación que presentaría un extraordinario retroceso formativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Concello do Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo goberno suprímese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e “grave perigo para a vida ou a saúde” da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificando a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o cumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reproductivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situarán a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta formativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea. Das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a

aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no extranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por estas razóns, o Concello de OUTEIRO DE REI aproba o seguinte acordo:

“O Concello de OTERIO DE REI insta o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre a saúde sexual e reproductiva e interrupción voluntaria do embarazo”

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes bo Congreso dos Deputados”.

Trala defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen considera que isto é un retroceso a tempos pasados, imposta por determinados sectores do PP e que suscitou o rexeitamento de motas voces de dentro do propio partido. O único que se vai conseguir é que quen queira abortar o faga fora, en clínicas privadas e, en moitos casos, en peores condicións sanitarias. Asemade, existirán notables diferencias entre a capacidade económica das familias.

Insiste no forte rexeitamento que produxo este proxecto, incluso en partidos ultraderechistas de Europa, e non se explica se non deriva dun acordo coa Igrexa.

O voceiro do grupo municipal do PP anuncia que votarán en contra da moción, xa que considera que a proposta é autoritaria, xa que propoñen que o Goberno de España retire “inmediatamente” o proxecto. Esta proposta é autoritaria, xa que este proxecto estaba no programa electora do PP co que concurriu as eleccións e que respaldou unha notable maioría dos españois. Por outra banda, coa retirada inmediata impiden que o proxecto se debata e se enmende no Parlamento, que para iso está. Tras esta proposta parece que late o desexo de que desapareza o Parlamento.

O voceiro do grupo municipal do BNG fai fincapé da regresión que supón este proxecto nos dereitos das mulleres, así coma no feito de que nos alonxa de Europa, e laméntase que, co actual goberno somos o faime reir de Europa, e non xá soamente co tema do aborto, senón coa corrupción entre outros asuntos.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE expresa a súa convicción de que, naqueles asuntos que atinxen aos dereitos fundamentais das persoas é moi importante a expresión da opinión. Por iso considera que a expresión polos concellos da súa postura contraria ao proxecto de lei de interrupción do embarazo seguramente condicionará o exercicio da potestade lexislativa.

Os concellos, coma Administración máis próxima aos cidadáns, poden desempeñar neste asunto un papel moi importante na expresión do sentir da poboación.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que a percepción do sentir popular no eido lexislativo lle corresponde aos Diputados, algúns dos cales, os electos por Lugo, por exemplo, frecuentan esta provincia. Tamén lles recorda que para chegar aos representantes nas Cámaras lexislativas existen moitos canais, como a través dos partidos políticos.

No que atinxe ao que os membros da oposición chaman discrepancias no PP, sorpréndese de que cando no PSOE existen estes debates chámanlles democracia

interna, mentes que cando xurden no PP (por certo, con menos frecuencia), as denominan discrepancias. Pois ben, nos tamén disetimos desta proposta do Goberno. Agora ben, as regras da democracia esixen que esa proposta, incluída no programa electoral do PP, se leve ao Parlamento para o seu debate e votación. Pola contra, é totalmente antidemocrático prender que unha proposta incluída nun programa electoral que contou co respaldo da maioría dos españoles non se someta ao debate parlamentario. E isto é o que pretenden con esta moción.

No que se refire a Europa, recorda que España é un país soberano que está voluntariamente na UE, e que a pertenza a UE implica o cumprimento da lexislación europea. Pero esta pertenza e este respecto á normativa comunitaria non impide que nos teñamos o noso propio ordenamento xurídico e o que o pobo español poida decidir sobor aspectos coma este que, por certo, está a extramuros da normativa comunitaria.

No que atinxe ao proxecto de Lei, está seguro que no debate parlamentario se modificará, pero insiste en que as regras democráticas e a propia razón de ser do Parlamento é que as iniciativas lexislativas se traten nese eido. E afirma que existe unha vontade firme do Goberno de dialogar neste asunto, mentres que a única vontade do PSOE e máis do BNG é o de desgastar ao Goberno.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor da moción, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE, e oito votos en contra pertencentes aos grupos municipais do PP.

A continuación iníciase o tratamento da moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE, con número de rexistro de entrada 614 e do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI, a través do seu portavoz , Miguel Ángel López Varela, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente MOCIÓN, EN CONTRA DA RETIRADA DA TARXETA SANITARIA A CIDADANIA QUE PERMANECE FORA DE ESPAÑA MÁIS DE 90 DÍAS, ao obxecto de ser incluída no orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo, e base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata a chegada do PP ao Goberno de España, fai pouco máis de dous anos, a Sanidade, era un servizo público de calidade e universal, que atendía a toda a poboación, sen discriminación de renda nin de grupo social.

Un Sistema Nacional de Saúde, construído durante décadas co esforzo do conxunto da cidadanía, que transformou a sanidade nun dereito compartido e nun principio de xustiza e cohesión social, protexido pola Constitución Española, e que dende fai moitos anos deixou de estar vinculado ao feito de cotizar á seguridade social.

Así, no dereito cidadá á saúde, reside a lexitimidade social do financiamento público a través de impostos (IRPF, IVA, impostos especiais) que permite redistribuír a riqueza da sociedade para evitar, que diversas razóns socioeconómicas impidan a atención sanitaria das persoas.

O Sr. Rajoy, que na campaña electoral afirmou que non tocaría a sanidade, está decidido a mudar o modelo sanitario actual, solidario e redistributivo, por un modelo de aseguramento privado, só accesible a quen o poida pagar, convertendo, deste xeito, á sanidade nun nicho de negocio das multinacionais e reducindo cada vez máis o financiamento do sistema público que deixa de ser para todos e todas, e se vai convertendo nun sistema para persoas sen recursos.

O Grupo Municipal Socialista rexeita o rumbo da política sanitaria do PP e o modelo onde nos quere levar, coa súa fórmula ao Lehman Brothers, que trocaría o noso Sistema Nacional da Saúde polo sistema norteamericano, onde máis de 50 millóns de persoas carecen do dereito a atención sanitaria e outras tantas teñen unas prestacións sanitarias moi limitadas.

Nós, os socialistas, defendemos unha sanidade como a nosa, universal e pública, pois un servizo para pobres será sempre un “pobre servizo” e suporía volver ao modelo de beneficencia con poucas prestacións, escasos medios materiais e humanos e de baixa calidade para a maioría da poboación.

Defendemos tamén a eficiencia e eficacia do actual Sistema de saúde pois representa un custe de 1.400€ por persoa, dúas persoas menor que en Francia ou Alemaña e tres veces menor que en EEUU, e non nos resignamos, non imos estar quedos, vendo como se debilita e como se elimina o dereito á saúde.

Defendemos con tódolos medios ao noso alcance o que nos pertence a todos e a todas, e o faremos por compromiso cos dereitos do conxunto da cidadanía e por responsabilidade coas vindeiras xeracións.

Por iso queremos denunciar coa máxima contundencia, unha nova e terrible agresión ao dereito á saúde da cidadanía española, sen precedentes polo seu calado e pola súa transcendencia.

O Goberno, acaba e deixar sen tarxeta sanitaria a quen pase tres meses fora, sen cotizar en España. E o fixo pola porta de atrás, a escondidas, sen debate nin publicidade, enganando á cidadanía, e incorporando esta normativa pola vía de emendas á Lei 22/2013 de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014, que se aprobou no Congreso cos votos favorables do Partido Popular, e que foron publicadas no BOE do pasado 26 de decembro.

Unha delas é a Disposición adicional sesaxésima quinta, do Texto Refundido da “Ley General de la Seguridad Social”, que limita a asistencia sanitaria ás persoas españolas que saian ao estranxeiro durante mais de 90 días e estean en situación de desemprego, que dí: “a efectos del mantenimiento del derecho de las prestaciones de la Seguridad Social, incluído los complementos mínimos [...] se exigirá la residencia en territorio español”, algo que se perderá automaticamente cando a persoa estea máis de 90 días fora de territorio español ao longo dun ano natural.

Outra é a Disposición final décimo primeira, que modifica a letra d) do apartado 2 do artigo 3 da mal chamada “Ley de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud”, xa de por si perversa e restrictiva do dereito á saúde, Esta Disposición introduce un novo requisito para ter dereito á asistencia sanitaria, o de residir en España.

Así, dende o 1 de xaneiro, e en base a ambas disposicións legais, que vinculan o dereito a atención sanitaria ao feito de residir en España, as persoas de nacionalidade española en situación de desemprego e que teñan esgotado a prestación ou o subsidio

por desemprego, que saian de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou adquirir formación, perderan este dereito.

Tamén se verán privados de asistencia os cónxuxes e fillos das persoas nesta situación que non sexan titulares do dereito, senón unicamente beneficiarios.

Esta decisión do Goberno central de excluír da atención sanitaria pública a cidadáns que pasan 90 días fora de España en busca de emprego ou para a súa formación, afectará a decenas de milleiros de emigrantes.

Un cambio normativo inxusto e innecesario, que volve a golpear aos máis febles pois ao drama de verse obrigados a saír ao estranxeiro na busca de emprego e de estar na incerteza laboral, engádese o castigo de quedarse ao marxe da asistencia sanitaria gratuíta cando decidan regresar a España.

Así vemos que o PP incluso se atreve a reducir as prerrogativas de cidadanía e nacionalidade a un grupo importante de poboación, nomeadamente a xente moza, abandonándoos a súa sorte e expulsándoos do país, sen ningunha contemplación, desprezando o que é principal recurso dun Estado, que é a súa poboación.

Esta decisión está sendo criticada tamén, polas organización mozas, que denuncian a actitude ruín do Goberno, cualificando a medida como discriminatoria dada a elevada cifra de desemprego xuvenil, e sinalan que o Sr. Rajoy non só permanece impasible ante o desemprego da xente moza, senón que ataca brutalmente os que buscan alternativas.

Con esta nova medida, os mozas e mozas emigrantes que regresen a España atoparanse cunha situación de profundo desamparo, véndose privados dun dereito fundamental como é o da sanidade.

Creemos necesario lembrarlle ao Sr. Rajoy que a mocidade non está a emigrar por ese impulso aventureiro ao que facía referencia a Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración, senón porque o goberno non lles ofrece alternativas para desenvolver unha vida digna aquí. Agora, o seu futuro complicarase aínda máis despois da súa exclusión do sistema sanitario.

Por tanto, estase a condenar aos nosos mozos e mozas ao exilio, desprezando á xeración mellor preparada da historia do noso país.

Os Gobernos Autonómicos de Andalucía e Asturias, conscientes da gravidade do problema x adoptaron medidas a fin de evitar os efectos perniciosos que sobre os nosos mozos e mozas, e persoas desempregadas teñen as ditadas normas do Goberno do Partido Popular.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista, presenta esta MOCION diante do Pleno da Corporación para que se tomen os seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Goberno España e da Xunta de Galicia a que derogue as disposición legais que impidan a recuperación da prestación de servicios sanitarios as persoas españolas emigrantes no estranxeiro, como consecuencia de permanecer fora de España máis de noventa días na busca de emprego ou de formación.

2. Que en tanto no sexan derogadas polo Goberno de España as disposicións referidas, o Goberno da Xunta de Galicia non proceda a retirar dita tarxeta sanitaria.

3. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta aos Gobernos de España e da Xunta de Galicia ao recoñecemento da universalidade do acceso a atención sanitaria pública e gratuíta”.

Rematada a defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, fai uso da palabra o voceiro do BNG, quen afirma que esta decisión é puramente económica e que, coma sempre, se aforra en pilares básicos da convivencia, coma sanidade ou educación e quen es a sofren son os mesmos: a cidadanía.

Con esta medida, engade, un montón de xente, de mozos e mozas, teñen que emigrar porque aquí non poden facer efectivo o seu dereito de traballar na súa terra, cando marchen a outros países para tentar saír a diante, atoparanse con que perden os seus dereitos aos servizos sanitarios do seu propio país. Por iso non podemos compartir esta medida tomada polo Goberno do Estado de xeito unilateral e aceptada sen máis pola Xunta de Galicia.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que, de non ser pola argumentación, a moción casi sería aceptable. Pero o que non pode tolerarse é que na moción se diga que esta medida mina o dereito á sanidade, xa que o dereito á sanidade o que realmente o mina é a política económica descontrolada coma a que levou o PSOE, que deixou un burato de 30.000 millóns de euros na sanidade, e que explica que para tapar o burato agora haxa que adoptar medidas coma esta.

Claro que é unha medida economicista, xa que os servizos hai que pagalos, e se non se pagan antes ou despois hai que deixar de prestalos. Se non se pagan os medicamentos as farmacéuticas terminarán por non suministrarlos, como estivo a piques de suceder. E claro que pagan os de sempre, os cidadáns, xa que todo o que gasta o Goberno o pagan os cidadáns, aínda que algúns parece que non terminan de comprendelo.

Para coñecer quen deteriora a sanidade tan só temos que contrastar os resultados das políticas dos dous partidos políticos que gobernaron España. O Goberno do PP deixou superhábit nas contas públicas e na sanidade, creou tres millóns de postos de traballo, tamén para os estranxeiros que viñeron a traballar masivamente. Pola contra, o legado do goberno de Zapatero multiplicar a débeda pública por dous, deixar un burato na sanidade de 30.000 millóns de euros e un déficit público de dous díxitos e, por riba, destruíu os tres millóns de postos de traballo que creou o PP. Ese é o resultado das políticas de esquerdas.

Con esta medida se pretende evitar situacións de abuso que proveñen, en gran medida, de cidadáns de outros países comunitarios, que aproveitando que o sistema sanitario é dos mellores de Europa, empregan o noso sistema sanitario en vez do dos seus países de orixe.

O voceiro do BNG matiza as palabras do voceiro do PP, afirmando que a sanidade española era a mellor de Europa, xa que o actual goberno está a apostar pola sanidade privada desmantelando o sistema público.

Tamén dí que o legado de Aznar foi vender o público. Así calqueira economía é bollante mentres non se acabe co patrimonio. Gracias a él hoxe o Estado non ten patrimonio. E a débeda pública o goberno do PSOE o deixou no 70% e hoxe está no 100%. Así que entraron a gobernar e seguiron a incrementar a débeda pública.

Os logros económicos do PP son no plano macroeconómico, non na microeconomía. É certo que hoxe as grandes empresas gañan máis cartos, pero os

cidadáns non melloran. Pola contra, increméntase o número de parados. Hai que facer políticas para os cidadáns, para os parados, para quenes gañan seiscentos euros, e non seguir a incrementar a brecha social.

Remata afirmando que a sanidade claro que a pagamos todos, pero ten que haber prioridades no gasto, e os recortes débense facer noutros eidos, coma defensa, pero non naquelo que máis necesitan os cidadáns.

O voceiro do PSdG-PSOE recorda como a responsable de emigración calificaba aos mozos que se ven obrigados a emigrar coma aventureiros, e afirmaba que íanse fora por ansia de aventura. Non é esa a realidade. A realidade é que si queren ter futuro teñen que emigrar. E non é normal que enriba de teren que sufrir esa situación se lles prive do dereito á sanidade pública. Esta situación é todavía máis grave se consideramos que estas persoas non son as que dispoñen dun maior capital, senón que é xente que está a començar e que necesita axuda. E en troques de facilitar o seu regreso o dificultamos, privándoos dos servicios básicos coma a sanidade. Isto non é xusto.

O voceiro do PP conclúe que aquí faláron de todo menos da tarxeta sanitaria, polo que o sistema non debe ser tan malo. Insiste en que a razón de ser de esta medida é poñer coto ao uso do sistema sanitario español por cidadáns de outros países que veñen a facer turismo sanitario a custa dos cartos públicos dos españois.

Afirma que todo español, estea no estranxeiro o tempo que estea, cando volten non teñen máis que pedir a tarxeta sanitaria e se lles concederá inmediatamente. E claro que necesitan que se lles axude, pero o que non se pode tolerar é cargar á sanidade española os custes que ten que asumir outros países. O que non pode ser é que a sanidade xere tal déficit que corra risco o propio sistema sanitario.

Resposta ao BNG que o orzamento sanitario é como cinco veces o de defensa. A proposta do BNG é totalmente demagóxica. A solución é gastar o que se pode e non máis.

Respecto de que o PP goberna para os empresarios, recórdalle que cando gobernaba o PP as SICAV tributaban ao 30% e cando entrou o PSOE o rebaixou ao 1%; tamén recorda cómo Zapatero se reunía cos grandes empresarios para facerse as fotografías e, pola contra, agora temos ás denostadas eléctricas cabreadas co PP. Tamén afirman que se incrementou a débeda pública co PP, e respóstalle que non pode ser doutro xeito cando deixaron un déficit de máis do 9% que hai que baixar paulatinamente e que se converte en débeda pública. Éste é o legado do Goberno do PSOE apoiado polo BNG.

En relación á sanidade privada, destaca que cada vez que goberna a esquerda medra a sanidade privada, e non hai máis que darse unha volta por Andalucía para vez cómo, se nunha comunidade queren privatizar cinco hospitales, en Andalucía xa hai trece privatizados. A esquerda ataca a sanidade privada segundo quen a promova.

Remata anunciando que non apoiarán esta moción xa que non é certo que os cidadáns españois perderán a cobertura sanitaria, voten o tempo que voten no estranxeiro.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor da moción, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE, e oito votos en contra pertencentes aos grupos municipais do PP.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

A continuación, a instancias do Presidente, o Secretario dá lectura, en viva voz, da seguinte pregunta presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG con data de rexistro de 28 de febreiro de 2014:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos temporais, resultou normal ver tirados polo chan das nosas parroquias, os contedores de lixo. Este feito supón un perigo, para as persoas e para a circulación viaria, tamén favorece, que acudan animais que destrozan as bolsas e espallan o lixo, co conseguente risco sanitario, ademais de dar unha mala imaxe do noso Concello, que entendemos que todos queremos evitar.

PREGUNTA:

1. Ten pensado o Sr. Alcalde, proceder o ancoraxe de ditos contedores? Se é así, en que prazo se faría?”.

Rematada a lectura da pregunta, o Alcalde resposta que, nas circunstancias deste inverno sería máis efectivo ancorar as árbores que os contenedores, xa que presentan máis risco para as persoas e para os bens. Nunha situación climatolóxica coma a actual, na que caeron árbores en cantidades enormes, e o aire levou tellados de edificacións, o ancorar os contenedores non modifica moito á situación. Por iso non se fará un plan para ancorar todos os contenedores, se ben se poderá adoptar algunha medida puntual cando sexa preciso.

E sendo ás catorce horas e cincuenta e seis minutos e non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, da que eu, Secretario, estendo a presente acta.

O Secretario

VºBº, O Alcalde